

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO.
CURSO: 5º E.P.
MATERIA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Introducción.**
- 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 3. Avaliación e cualificación.**
- 4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 5. Información e publicidade.**

1. Introducción.

Esta área, que forma parte das disciplinas específicas establecida pola LOMCE, pretende formar ao alumnado nos valores sociais e democráticos preparándoo para vivir en sociedade.

O obxectivo é orientar ao alumnado para comprender as relacións sociais, para resolver os conflitos de forma axeitada, aprender a dialogar, pensar, respectar aos demais, e crear un sistema de valores que lles permitan participar na vida social de forma pacífica e democrática.

Os contidos están organizados en 3 bloques

Bloque 1. A identidade e dignidade da persoa.

Bloque 2. Comprensión e respecto nas relación interpersoais.

Bloque 3. A convivencia e os valores sociais.

Para o desenvolvemento deste currículo dividiremos a materia en unidades didácticas que serán repartidas ao longo das tres avaliacións, pero dada a interrelación dos tres bloques, non deben ser traballados de forma illada, senón integrada.

Esta programación vai dirixida soamente a dous alumnos de 5º de primaria, polo que moitas actividades de pequeno ou gran grupo non se poderán levar a cabo polo número de alumnos que ten esta materia.. Esta será impartida por Rosa González Diz e Rosa Mª Iglesias Simón.

A área impartirase nun contexto sociocultural medio, no que, en xeral, podemos contar co apoio e cooperación das familias.

A área impartirase en lingua galega nun ambiente sociolingüístico familiar, tamén galego falante.

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	Actúa de forma respectable e digna.
Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	Comprende e aprecia positivamente a
Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	Amosa boa disposición para ofrecer aprendizaxe.
Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos.	Coñece e respecta os dereitos e debe
Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	Realiza un uso ético das novas tecno

As competencia clave supoñen a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos e outros compoñentes sociais e de comportamento que se movilizan conxuntamente para lograr a construción completa e eficaz do alumnado. Ante esta situación excepcional as competencias clave imprescindibles serán:

A competencia en comunicación lingüística, referente a habilidade para o uso da lingüaxe, expresar ideas e interactuar de forma oral ou escrita.

A competencia dixital que implica o uso seguro e crítico das TICs.

A competencia de aprender a aprender, que supón ao alumnado o desenvolvemento da capacidade para o aprendizaxe.

A competencia social e cívica enfocada a favorecer a capacidade para a relación cos demais e participar de forma activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

3. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Análise da produción do alumnado.

	<p>Instrumentos:</p> <p>Producións escritas e traballos de aplicación e síntese.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A nota final do curso para a área de valores suporá o resultado da ponderación dos tres trimestres, da forma que recollo a continuación:</p> <p>1º trimestre: suporá o 40% da nota final.</p> <p>2º trimestre: suporá o 60%.</p> <p>3º trimestre: suporá un incremento do 10% sobre a media das anteriores.</p> <p>A cualificación final resultará da suma dos porcentaxes citados.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non contamos con proba extraordinaria de setembro.</p>

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Visionado de curtametraxes, lectura de contos e fábulas, realización de cuestionarios...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A totalidade do alumnado conta con conectividade, por tanto a metodoloxía empregada poderíamos resumila en:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Explicacións escritas por parte do docente. - Progresivo e coidado reforzo dos contidos contextualizados para o alumnado, que favorecen a súa comprensión. - Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples. - Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
Materiais e recursos	<p>Recursos materiais:</p> <p>Aula virtual (classroom) e teléfono móbil.</p>

5. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado a través das aplicacións telemáticas e o blog do centro.
Publicidade	Publicarase na páxina web do centro.